

QUEREMOS VIVIR DO NOSO TRABALLO



POLO EMPREGO E OS DEREITOS SOCIAIS É TEMPO DE VIVIR SEN MEDO!

A Galiza das 270.000 persoas desempregadas, da rebaixa dos salarios e das pensións, do recorte de dereitos, da privatización dos servizos públicos, da emigración xuvenil, da destrución da nosa capacidade produtiva. Un país, en definitiva, ao que lle están a empobrecer o presente e a roubar o futuro.

Esta é a Galiza do medo. Do medo a caír na exclusión, a non atopar saídas para seguir adiante, a ter que marchar, a non poder pór en marcha os nosos plans de vida. Medo e impotencia, porque as políticas de recortes están empobrecendo de tal maneira á clase traballadora que **hoxe ter traballo non garante unha vida digna**. Sirva como exemplo un dato: das 970.000 persoas asalariadas que temos o 30% ingresa menos do salario mínimo interprofesional (648€/mes) e, destes, o 20% menos de 200 euros ao mes. Esta é a realidade de precariedade, pobreza e sufrimento que se padece neste país.

De remate, para que nada se mova e a protesta social sexa controlada, avanza sen vergoña no recorte das liberdades públicas e na represión contra os movementos sociais, con modificación de leis como o Código Penal ou a Lei "Mordaza".

Mais ao carón dese medo habitan a raiba, o compromiso, a esperanza e o desexo de que as cousas deben mudar. Non é retórica, é absolutamente posíbel e necesario. **Somos unha nación cun enorme potencial para saír adiante** e con recursos, condicións e coñecementos para logralo. Mais precisamos, para iso, decidir nós sobre o noso. Porque a destrución do noso tecido produtivo, os impedimentos e vetos sobre diferentes sectores da nosa economía, a imposición das políticas de recortes sociais... están directamente ligadas á nosa subordinación política e á nosa dependencia económica a intereses alleos, con centro en España e na Unión Europea.

Necesitamos, por iso, **decidir nós mesm@s o noso futuro**, conquistar a soberanía para podermos garantir o dereito a vivir e traballar con dignidade na propia Terra.

Na data de lembranza e loita do 1º de maio, Día Internacional da Clase Traballadora, estamos por iso nas rúas do noso país, xunto coa CIG, a esixirmos traballo, salarios dignos e dereitos sociais para todas e todos. **Galiza ten futuro. É tempo de vivirmos sen medo!**

#DEPENDENÓS



bng.gal